

CERTIFICADO ACUSE 14/14



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Axencia Galega de Infraestruturas
Servizo Provincial de Pontevedra


Avda. Fernández Ladreda, nº43-1ª planta
36003 Pontevedra
Tfno.: 886 20 65 07/08 (Expropiacións)
886 20 65 00
Fax: 886 20 65 05



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 27/10/2017 13:04:30

SAÍDA 97848 / RX 1519400



Sr. Alcalde Pte do
Concello de Cambados
Pz do Concello , 1
36071 Cambados
Pontevedra

ASUNTO: Remisión do anuncio para o levantamento das actas previas.

Expediente: "Proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-300, Vilaríño-polígono do Sainés, punto quilométrico 9+310-10+270, nos concellos de Cambados e Ribadumia".

Clave: PO/16/062.06

Termos Municipais: Cambados e Ribadumia.

Rógolle a Vde. que teña a ben facer público, no taboleiro de Anuncios de ese Concello, o contido do adxunto anuncio-relación referente ó levantamento de Actas Previas á Ocupación -trámite de urxencia-, dos bens e dereitos afectados nese termo municipal por expropiación forzosa urxente, necesario para dispor dos terreos que han de ocupar as obras do proxecto de construción da obra do itinerario peonil e ciclista na PO-300, Vilaríño-polígono do Sainés, punto quilométrico 9+310-10+270, nos concellos de Cambados e Ribadumia, (clave PO/16/062.06), debendo facerse cunha antelación mínima de quince (15) días á data do 30 de novembro de 2017 que é a fixada para a iniciación de dito acto.

Así mesmo, de acordo co disposto no Art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, rógolle a súa comparecencia ou a da persoa en quen delegue, a dito acto, tal e como se indica no anuncio e, co propósito de levar a cabo o levantamento de Actas Previas á Ocupación, solicito autorización para poder utilizar os locais de ese Concello o día 30 de novembro de 2017.

Pontevedra a 27 de outubro de 2017.

O xefe do Servizo

Fausto Núñez Vilar

CAMBADOS

REXISTRO ENTRADA

2017-E-RC-7421

14/11/2017 13:16





RESOLUCION do 27 de outubro de 2017, do Servizo Provincial de Pontevedra, dependente da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se sinala a data para o levantamento das Actas Previas á Ocupación -trámite de urxencia-, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-300, Vilariño-polígono do Sainés, punto quilométrico 9+310-10+270, nos concellos de Cambados e Ribadumia (clave PO/16/062.06)

O artigo 28 do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia, establece no seu apartado 2º a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

As obras reseñadas no encabezamento da presente resolución atópanse incluídas no programa de obras a realizar con cargo ó programa 512-B, construción, conservación e explotación de estradas.

Con data de 20 de xullo de 2017, a Xunta de Galicia, procedeu a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios a efectos de expropiación para a mencionada obra por decreto 85/2017, publicado no D.O.G. nº 169 de data 6 de setembro de 2017.

Con data 17 de xullo de 2017, procédese a aprobación do proxecto de construción da obra de proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-300, Vilariño-polígono do Sainés, punto quilométrico 9+310-10+270, nos concellos de Cambados e Ribadumia (clave PO/16/062.06) polo director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 e 56, e seguintes do Regulamento para a súa aplicación, este Servizo, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada Lei, resolve convocar aos titulares de bens e dereitos afectados, para que comparezan no lugar, data e hora que se citan, para proceder ao levantamento das Actas Previas á Ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados, e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladar ao lugar das fincas se o consideran necesario.

Lugar: Casa do concello de Cambados

Data: 30 de novembro de 2017.

Horario: de 09:30 horas a 09:45 horas

Concello de Cambados

Lugar: Casa do concello de Ribadumia

Data: 30 de novembro de 2017.

Horario: de 10:30 horas a 12:00 horas

De: Durán Vázquez Mª Esther e Hdros de Gerardo García Vázquez

A: Pérez Portas, Isabel

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes, estarán expostos nos concellos de Cambados y Ribadumia respectivamente, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra (Avda. Fernández Ladreda, nº43-1º – 36003 Pontevedra).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Axencia Galega de Infraestruturas
Servizo Provincial de Pontevedra

Avda. Fernández Ladreda, nº43-1ª planta
36003 Pontevedra
Tfno.: 886 20 65 07/08 (Expropiacións)
886 20 65 00
Fax: 886 20 65 05



A dito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, aportando os documentos acreditativos da súa titularidade, Documento Nacional de Identidade, e último recibo da contribución, podendo acompañarse, pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notario.

Así mesmo, e no cumprimento do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, ábrese información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e ata o momento do levantamento das Actas Previas á Ocupación correspondente, a fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servizo Provincial de Pontevedra, as alegacións que estimen pertinentes ó obxecto de emendar posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

Pontevedra a 27 de outubro de 2017

O xefe do Servizo


Fausto Núñez Vila

RELACIÓN DE AFECTADOS:

Expediente: "Proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na PO-300, Vilaríño-polígono do Salnés, punto quilométrico 9+310-10+270, nos concellos de Cambados e Ribadumia.

Clave: PO/16/062.06

Termo Municipal: Cambados

Finca	Titular	Domicilio
02	Concello de Cambados	Pz do Concello, 1 36071 Cambados-Pontevedra